

A CIG-Ensino presenta a campaña “mudemos o rumbo”: valorando o profesorado reforzamos o ensino público

Os eixos da campaña son recuperación do horario, redución das ratios, ampliación cadros docentes, mellora da atención á diversidade, burocracia e saúde laboral



O sindicato, logo das mobilizacións e folgas dos últimos anos e dun tempo máis inmediato marcado pola emerxencia da pandemia, alza de novo a voz para dignificar a profesión docente, cunha campaña coa que percorrerá todos os centros educativos e na que chama o profesorado a asumir unha demanda xeral de recuperación de dereitos.

A campaña presentada hoxe en rolda de prensa no local nacional da CIG-Ensino pola executiva nacional pivota sobre seis eixos fundamentais na dignificación da profesión: a recuperación do horario lectivo de 18 e 21 horas, a redución das ratios, a ampliación dos cadros docentes, a mellora da atención á diversidade, a limitación da burocracia e a reconsideración da saúde laboral.

As condicións do profesorado e os seus dereitos veñen sendo pisoteados pola Consellaría de Educación. Ao longo das últimas crises os recortes sempre son precedidos de escusas centradas

na necesidade de compartir sacrificios, unha partilla que nunca se dá no sentido contrario. Eses mesmos recortes acompañanse de palabras de recoñecemento pola entrega dos profesionais do ensino público, pero que nunca rematan coa recuperación dos dereitos arrebatados e coa aplicación de melloras nas condicións de traballo das e dos docentes.

Desde o sindicato maioritario do ensino público en Galiza álzase a voz cunha mensaxe clara e concisa: “abonda xa de desprezos e desconsideracións, sexamos contundentes para que se prestixie a nosa profesión da única maneira posíbel: coa dignificación e recuperación de dereitos”. A CIG-Ensino insiste en que toca colocar de novo o profesorado no centro de atención para reverter unha situación de empeoramento das nosas condicións laborais en cada docente así como no conxunto do sistema educativo.

Mudemos o rumbo: valorando o profesorado reforzamos o ensino público

- **Recuperemos o horario lectivo de 18 a 21 horas.** Non queremos traballar menos: queremos facelo en mellores condicións, coa volta á carga lectiva que tiñamos até 2012: 18 sesións en secundaria e 21 en primaria. Precisamos máis tempo para preparar aulas e coordinarnos e reducir o número de alumnado que atendemos.
- **Reduzamos ratios.** A redución de ratios é, sen dúbida, a demanda xeral máis sentida polo profesorado e a pandemia evidenciou que é a mellor ferramenta para mellorar a atención ao noso alumnado. Autorizar desdobre, impedir os agrupamentos cando impliquen supresións de unidades, son medidas que deben ser tidas en conta pola Xunta.
- **Amplie os cadros docentes.** Máis profesorado para unha mellor atención educativa, para garantir os desdobres, os reforzos e a optatividade das materias, para ofrecer un mellor servizo público e garantir emprego fixo e estábel.
- **Melloremos a atención á diversidade,** cada vez maior nas nosas aulas. Esta mellora pasa pola dotación de recursos humanos (orientación, profesorado de PT e AL...), mais tamén por accións formativas e reforzo da función titorial.
- **Limitemos a burocracia.** Hoxe unha parte cada vez maior do noso traballo céntrase en tarefas burocráticas que nacen da ausencia de persoal non docente e dunha concepción da educación que se preocupa máis das aparencias que da función docente.
- **Reconsideramos a saúde laboral.** Estes dous últimos anos evidenciaron a nula preocupación da Consellaría pola nosa saúde. A saúde laboral, e a mental en particular, así como o recoñecemento de enfermidades profesionais deben estar presentes nas nosas demandas como docentes.



*Máis información en www.cig-ensino.gal

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal